



## Concello de Bueu

<b>Expediente</b>	1677/2019 Relacionado cos expdtes. : ➤ 1606/2019 (SIA: 1429321)- Xubilacións/Xubilación Arquitecto municipal Fernando Baeza Ordoñez
<b>Código SIA</b>	1398857
<b>Procedemento</b>	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
<b>Asunto</b>	Procedemento para cobertura transitoria da praza vacante de ARQUITECTO SUPERIOR do concello, en Comisión servizos, con carácter voluntario, entre funcionarios de distinta corporación municipal
<b>Responsable</b>	Persoal
<b>Documento</b>	ANUNCIO
<b>Trámite</b>	Aprobación lista provisional de admitidos e nomeamento dos membros da Comisión de Valoración

### **Rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo de referencia, por resolución de alcaldía núm.2019-1244 de data 30.08.2019 resolveuse o seguinte:**

1º.- Aprobar a listaxe provisional de admitidos/as no procedemento de mobilidade funcional de empregados públicos, mediante comisión de servizos voluntaria para a cobertura temporal da praza vacante de arquitecto superior do concello de Bueu que se detalla a continuación:

IDENTIDADE	DNI
FRANCISCO JAVIER ANTOÑON CLEMENTE	***6166**

**Procedese á apertura dun prazo de tres (3) días hábiles**, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da antedita resolución no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello, para presentar, no seu caso, as reclamacións oportunas ou emenda de defectos advertidos, nos termos do artigo 68 da LPAC, así como formular recusación dos membros do tribunal, coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público (LRXSP) .

Unha vez resoltas as reclamacións, o alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no Taboleiro electrónico de anuncios do Concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>) sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique no Taboleiro físico de anuncios da Casa do Concello ubicado na casa consistorial do concello de Bueu (planta baixa).

A lista provisional elevarase a definitiva transcorrido o prazo de reclamacións, senón as houbera. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución estimándoa ou desestimándoa. A resolución pola que se fixa definitivamente a lista de admitidos e excluídos publicarase no Taboleiro electrónico de anuncios do concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>) sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique no Taboleiro físico de anuncios da Casa do Concello, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación.

2º.- A comisión de valoración, como órgano de selección, quedará integrado, en base ao

## Concello de Bueu





## Concello de Bueu

---

disposto na base 7ª que resulta do art. 59 da lei 2/2015, polos seguintes membros, titulares e suplentes:

### Presidente:

Titular: Jaime Sixto García, funcionario do concello de Bueu, Adxunto á Tesourería

Suplente: Marcos Vázquez Campaña, Interventor do concello de Bueu (funcionario pertencente ao corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional)

### Secretario:

Titular: Nuria Lobato Del Río, Secretaria do concello de Bueu (funcionaria pertencente ao corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional)

Suplente: Beatriz Cerro Del Río, secretaria do concello de Pontecaldelas (funcionaria pertencente ao corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional)

### Vogais:

1º Titular: Cristina Chao Polo, Arquitecta da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo, Departamento de Licenzas do Concello de Vigo

Suplente: Blanca Ana Roig Sánchez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia de Urbanismo, Departamento de Disciplina Urbanística do concello de Vigo

2º Titular: Beatriz Rodríguez Yañez, Técnica de Administración Xeral de Planeamiento do Concello de Vigo

Suplente: María Isabel Fernández Gabriel, Técnica de Administración Xeral, Letrada de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo

3º Titular: Angel Francisco Velando Rodríguez, Arquitecto xefe da oficina técnica de arquitectura e planeamento do Concello de Pontevedra

Suplente: Susana Rivadulla López, Arquitecta Xefa do Servizo de Urbanismo de Pontevedra, Dirección Xeral de Urbanismo, Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.

Os membros da comisión de valoración deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da lei 40/2015.

*(Documento asinado electronicamente)*

---

**Concello de Bueu**

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 7KLW3A4SLQ2QNLFPQSR66CYQP | Corrección: <http://bueu.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2